



CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

ACTA 2017-3

PRIMEIRA CONVOCATORIA

PLENO ORDINARIO
7 de Xuño de 2017

Lugar

SALÓN DE PLENOS DO CONCELLO

Hora de Inicio

13:30

Hora de Finalización

14:20

Presidente: JOSE LUIS SUAREZ MARTINEZ
Secretario: PAULINO FERNANDEZ SALGADO

MEMBROS ASISTENTES

DELFIN BOO PAYO
DELFIN FIDALGO CARBALLO
FRANCISCO JAVIER LIMIA FEIJOO
MARIA DEL CARMEN SOLA PEREZ
MARIA ROSA GONZALEZ RIVERO
MARINA SALGADO CARNERO
SALVADOR ZARRAQUIÑOS SEGUIN
SERAFIN AUGUSTO DAMEA
YOLANDA DOMINGUEZ GALLEGO

MEMBROS AUSENTES

ALBERTO RODRIGUEZ GARCIA

A Presidencia declara aberta a sesión e, en relación cos asuntos previstos na orde do día, adoptáronse os seguintes

ACORDOS:

APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO 5 DE ABRIL DE 2017

O alcalde pregunta aos membros asistentes se teñen algunha observación que formular ao borrador da acta da sesión de data 5 de abril de 2017. Non se formula ningunha obxección, polo que a dita acta apróbase por unanimidade.

APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CREDITOS NÚM. 3/2017, CON CARGO A PARTIDAS REDUCIBLES

Dáse lectura ao expediente núm. 3/2017, tramitado para a modificación de créditos dentro do vixente orzamento, financiado con cargo a partidas reducibles do orzamento vixente.

Dáse conta dos informes emitidos polo interventor e o ditame da Comisión Informativa de Economía e Facenda e Especial de Contas, de data 2 de xuño de 2017.

O expediente tramítase por razóns de necesidade e urxencia plenamente xustificadas e está axustado aos preceptos legais vixentes.

O Pleno, por sete votos a favor do Grupo Popular e tres abstencións do Grupo Veciños de Monterrei, ACORDA aprobar inicialmente o expediente, co seguinte resumo:

Suplemento de crédito.



CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

Suplemento de crédito:

Partida	Denominación	Importe en euros
011.310	Xuros	300
920.226	Gastos diversos	2.000
134.221	Subministracións (Protección Civil)	2.000
135.221	Subministracións (Incendios)	4.000
171.143	Outro persoal (Castelo)	20.400
171.160	Seguridade social (Castelo)	7.082
171.221	Subministracións (Castelo)	2.518
TOTAL		38.300,00

TOTAL SUPLEMENTO DE CRÉDITO	38.300,00
-----------------------------	-----------

O importe dos gastos anteriores finánciase con cargo a baixas de créditos das aplicacións orzamentarias seguintes:

Aplicacións orzamentarias	Créditos dispoñibles para minorar ou anular
1532.609	10.000
165.221	23.300
241.131	5000
TOTAL	38.300 €

Ao ter que darlle ao expediente a tramitación á que alude o artigo 177.2 do Real decreto lexislativo 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e 38 do Real decreto 500/1990, de no presentarse reclamacións durante o prazo de exposición pública, considerárase este acordo como definitivo.

APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚM. 4/2017, CON CARGO AO REMANENTE DE TESOURERÍA

Dáse lectura ao expediente núm. 4/2017, tramitado para a modificación de créditos dentro do vixente orzamento, financiado co remanente líquido da tesourería dispoñible procedente da liquidación do orzamento do exercicio 2016.

Dáse conta dos informes emitidos polo interventor e pola Comisión Informativa de Economía e Facenda e Especial de Contas, de data 2 de xuño de 2017, e que o expediente se tramita por razóns de necesidade e urxencia plenamente xustificadas, e está axustado aos preceptos legais vixentes.

O Pleno, por sete votos a favor do Grupo Popular e tres abstencións do Grupo Veciños de Monterrei, ACORDA aprobar inicialmente o expediente, co seguinte resumo:



CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

Suplemento de crédito

PARTIDAS	CONCEPTO	IMPORTE
1532.609	Investimentos financeiramente sostibles (pavimentacións)	40.000,00
161.609	Investimentos financeiramente sostibles (abastecementos e saneamentos)	11.916,36
432.609	Investimentos financeiramente sostibles (promoción turística)	10.025,85
TOTAL:		61.942,21

TOTAL EXP. MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS: 61.942,21 €

O importe dos gastos anteriores finánciase con cargo ao remanente líquido da tesourería dispoñible da liquidación do orzamento anterior, polo que a operación queda nivelada e sen déficit inicial, e introdúcese no orzamento de ingresos a seguinte modificación:

Por aplicación do remanente líquido de Tesourería dispoñible:

CAPÍTULO	CONCEPTO	SUBCONCEPTO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
8	87	870.00	Aplicación para financiamento	61.942,21 €

TOTAL IGUAL OS SUPLEMENTOS DE CRÉDITOS:	61.942,21 €
---	-------------

Ao ter que darlle ao expediente a tramitación á que alude o artigo 177.2 do Real decreto lexislativo 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e 38 do Real decreto 500/1990, de non presentarse reclamacións durante o prazo de exposición pública, considerárase este acordo como definitivo.

DAR CONTA DO PERÍODO MEDIO DE PAGAMENTO CORRESPONDENTE AO PRIMEIRO TRIMESTRE DE 2017

O alcalde dá conta aos asistentes que con data 24 de abril de 2017 informouse ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas do período medio de pagamento correspondente ao primeiro trimestre de 2017, de conformidade co artigo 4.1.b da Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, polo que se desenvolven as obrigas de subministración previstas na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e de conformidade co establecido na disposición transitoria única do Real decreto 635/2014, do 25 de xullo.

O detalle do informe é o seguinte:

Importe de pagamentos realizados; 201.634,11 €

Importe de pagamentos pendentes: 61.384,78 €



CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

Periodo medio de pagamento: 10,40 días.

O Pleno dáse por informado.

DAR CONTA DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 15 DE MARZO DE 2017, POLO QUE SE SOLICITA A SUBVENCIÓN AO ABEIRO DO DECRETO 99/2012 PARA OS SERVIZOS SOCIAIS CORRESPONDENTES AO EXERCICIO 2017

Dáse conta do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local do Concello o día 15 de marzo de 2017, en relación coa solicitude de subvención ao abeiro do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, modificado polo Decreto 148/2014. O dito acordo di literalmente:

"A Alcaldía lembra aos asistentes que dende o 2012 a subvención para o mantemento dos servizos sociais réxese polo Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, publicado no Diario Oficial de Galicia o día 30 de marzo de 2012 e modificado polo Decreto 148/2014, do 6 de novembro (DOG do 27 de novembro de 2014).

O financiamento dos servizos sociais comunitarios aparece regulado no capítulo VIII do dito decreto.

Dá conta o alcalde do proxecto anual de servizos sociais, elaborado pola traballadora social, no que se inclúen os programas anuais de axuda no fogar prestación básica, axuda no fogar a dependentes e educación familiar.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local, en virtude da delegación que fixo o Pleno na sesión extraordinaria do día 24 de xuño de 2015, por unanimidade, ACORDA:

Primeiro.- Aprobar o proxecto anual de servizos sociais, cun orzamento total de 249.366,00 €, elaborado pola traballadora social, para o desenvolvemento dos programas anuais de axuda no fogar prestación básica, axuda no fogar a dependentes e educación familiar.

Segundo.- Solicitar á Consellería de Traballo e Benestar, ao abeiro do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, a cantidade de 165.870,00 € para o cofinanciamento da prestación dos servizos sociais por parte deste concello, comprometéndose o Concello de Monterrei a achegar a cantidade de 48.605,30 € con fondos propios e 26.000,00 € coa achega dos usuarios do servizo, de cordo co proxecto anual de servizos sociais presentado pola traballadora social e segundo a seguinte desagregación por programas e investimentos

Programa ou investimento	Horas anuais	Achega da Xunta de Galicia	Achega da Deputación Provincial	Achega do Concello	Achega dos usuarios	Total
Prórroga do programa de axuda no fogar, prestación básica.	1.200 (100 h/mes)	0,00	8.890,70	3.145,30	3.000,00	15.036,00
Prórroga do programa de	17.100					



CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

axuda no fogar para dependencia	(1.425 h/mes)	165.870,00	0,00	21.460,00	23.000,00	210.330,00
Persoal que desenvolva o programa de educación familiar		0,00	0,00	24.000,00	0,00	24.000,00
TOTAL		165.870,00	8.890,70	48.605,30	26.000,00	249.366,00

Terceiro.- O Concello de Monterrei comprométese a prestar o servizo nas mesmas condicións que o ano anterior, para garantir a non suspensión dos programas e a prestación dos servizos sociais ao longo do ano.

Cuarto.- No orzamento municipal para 2017, aprobado polo Pleno na sesión que tivo lugar o día 7 de decembro de 2016, existen partidas orzamentarias suficientes para estas actividades, de acordo coas memorias presentada.

Quinto.- Dar conta deste acordo ao Pleno do Concello".

O Pleno dáse por informado.

DAR CONTA DO ACORDO ADOPTADO POLA ASEMBLEA EXTRAORDINARIA URGENTE DA MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS DA COMARCA DE VERÍN, DO 28 DE ABRIL DE 2017, SOBRE A SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DE ZONA CATASTRÓFICA DA COMARCA POLOS DANOS OCASIONADOS POLA XEADA

Dáse conta do acordo adoptado pola asemblea extraordinaria uxente da Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín, que tivo lugar o día 28 de abril de 2017, sobre a solicitude de declaración de zona catastrófica da comarca polos danos ocasionados pola xeada, e que literalmente di así:

"O Sr. Presidente procede a dar lectura á proposta do acordo; tralo que ao ter en conta que:

A produción agrícola da comarca de Monterrei está asentada sobre dous pilares: dunha banda o cultivo da vide, cunha denominación de orixe punteira e en constante expansión; e doutra, na produción hortícola.

A fortísima xeada que caeu na madrugada do mércores ao xoves en toda a nosa comarca, e que se volveu repertir na madrugada de hoxe, ocasionou danos gravísimos e sen precedentes en décadas tanto nas plantacións de viñedos coma nas hortas, con perdas estimadas moi próximas ao cen por cen en moitos casos.

Semellante fenómeno meteorolóxico en combinación coa inusual seca que se prolongou durante os últimos meses, fan vaticina unha perda case que total da colleita de uva do ano 2017, e unha merma na produción vitivinícola que se arrastrará ata a campaña de 2018. Ademais de gravísimos danos nas plantacións hortícolas de toda a zona.

Polo tanto, ante a constatación de que os danos producidos van a ser enormemente cuantiosos e ao resultar esta situación tan imprevisible como inevitable, consideramos que a Xunta de Galicia debe habilitar unha batería de axudas para facer fronte aos ditos danos e



adoptar as medidas necesarias co obxecto de paliar a dita situación, establecendo liñas de axuda para os afectados.

A asemblea, sen debate e por unanimidade dos seus once membros presentes dos catorce que legalmente a forman, ACORDA:

Primeiro. Solicitar á Xunta de Galicia a tramitación como zona catastrófica da Comarca de Verín.

Segundo. Solicitar á Xunta de Galicia unha liña de axudas para paliar, na medida do posible, os danos ocasionados en viñedos e hortas.

Terceiro. Trasladar o dito acordo á Consellería do Medio Rural, ao Consello Regulador da Denominación de Orixe Monterrei e a todos os concellos afectados".

O Pleno dáse por informado.

CONTROL E FISCALIZACIÓN DAS ACTUACIÓNS DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

Antes de pasar a tratar este asunto, o alcalde pregunta aos voceiros dos grupos políticos se hai algunha moción urxente. Respostan que non.

A continuación o alcalde toma a palabra do seguinte xeito, para contestar as preguntas que os voceiros e os concelleiros dos grupos da oposición formularon no Pleno do 5 de abril de 2017 e en diversos escritos presentados no Rexistro do Concello polo Grupo Veciños de Monterrei:

- En relación coa cuestión formulada por María del Carmen Sola Pérez, voceira do Grupo municipal Veciños de Monterrei, sobre a sentenza firme do Tribunal Supremo, de data 12 de decembro de 2016, pola que se anula o PXOM do Concello, preguntando se se lle van pedir responsabilidades aos redactores do planeamento, a resposta é ben sinxela: non lles imos pedir responsabilidades aos redactores do plan.

- Sobre a pregunta do concelleiro de Veciños de Monterrei, Francisco Javier Limia, de por que a modificación de crédito é a número 2 e cal foi a número 1, quero sinalarlle que non todas as modificacións de crédito as aproba o pleno, senón que hai modificacións de crédito que se aproban por decreto ou acordo da Xunta de Goberno Local, vinculadas fundamentalmente a subvencións. Na Secretaría informaranos de cal foi a número 1. Con relación á número 2, pregunta onde está esa rúa; pois ben, a rúa é a Torreón, en Medeiros.

- Tamén hai unha pregunta que fixo Veciños de Monterrei, a través de diversos escritos presentados no Concello, sobre a obra do Plan Hurbe, en Vilaza. Pois ben, as respostas ás cuestións expostas son as seguintes:

1- A administración que licitou as obras foi a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, dende a Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, a través do Plan Hurbe.

2- O Concello de Monterrei foi a administración encargada de obter os permisos necesarios para a realización das obras.

3- As obras adecúanse ao proxecto presentado, porén, foron modificadas minimamente por cambio de aliñación na estrada da Deputación, polo que se cambiou o largo das beirarrúas e foi necesaria a proxección dunha nova rampla que dera saída vehicular aos veciños



CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

afectados.

Segundo o artigo 217 da Lei de contratos do sector público, modificación do contrato de obras, poderán introducirse variacións sen necesidade de previa aprobación cando estas consistan na alteración no número de unidades realmente executadas sobre as previstas nas medicións do proxecto, sempre que non representen un incremento do gasto superior ao 10% do prezo primitivo do contrato. Este é o caso do proxecto que nos ocupa, polo que non é necesaria a redacción de modificado.

En canto a quen é a persoa designada polo Concello para verificar a correcta execución das obras, infórmolle que o promotor das obras é a Consellería de Medio Ambiente polo que a dita consellería, segundo o establecido na lexislación vixente, designará o director de obra e, neste caso, designou tamén a directora de execución. O director das obras é Óscar González e a directora de execución, Rosa Suárez, que tamén é a coordinadora de seguridade e saúde. Por último, o motivo polo que se cambiou o proxecto foi o cambio de aliñación da estrada, que fixo a Deputación de Ourense. Esta variación xerou unha serie de problemas veciñais que foron solucionados coa súa aprobación, sempre sen alterar substancialmente o proxecto orixinal. Solicitouse a validación das modificacións de aliñación aos organismos competentes.

De seguido, o alcalde diríxese aos voceiros dos grupos para que formulen os ROGOS e as PREGUNTAS.

Intervén en primeiro lugar a voceira do Grupo municipal Veciños de Monterrei, M^a del Carmen Sola Pérez, e formula os seguintes rogos:

- En vista da súa contestación en relación coa sentenza firme do Tribunal Supremo de data 12 de decembro de 2016, na que se anula o PXOM deste concello, o Grupo municipal Veciños de Monterrei rógalle o seguinte:

Que asuma as responsabilidades, vostede e o seu equipo de goberno, e dea unha explicación de por que teñen que pagar os veciños o traballo mal feito, pois vostede xa era parte da Corporación cando se aprobou o Plan.

Rogámoslle novamente que lles pida responsabilidades aos redactores do planeamento e aos técnicos da Consellería.

E, por último, rogámoslle que se poñan a taballar canto antes nun novo plan que respecte a legalidade, reparta a edificabilidade entre todas as localidades do concello e responda verdadeiramente ás necesidades de todos os veciños.

Continúa a voceira de Veciños de Monterrei:

- Cambiando de tema, rógolle novamente que reparen as fochancas da estrada que vai da Pousa a Monterrei.

Tamén, que reparen a fonte Ángel Medeiros de Albarellos, que agora, se llo pido eu, igual a arranxa.

Tamén lle volvo pedir que amañe e acolche os parques infantís de Estevesiños e San Cristovo.

E xa por último, rógolle que a algúns dos rapaces da brigada de limpeza da contorna do Castelo non os teñan limpando as rúas de Vilaza. As outras aldeas do concello tamén necesitan limpeza. Xa que os move da zona que por contrato lles corresponde, póñaos tamén a disposición doutras localidades.

É agora a rolda da concelleira de Veciños de Monterrei, Yolanda Domínguez Gallego que di:



CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

- Rógolle que arranxen a rúa da Cova, que menos mal que non vén a chover...E pídlle, outra vez, que valoren o de por a sinalización na zona do Concello porque algún día vai haber un accidente.

Toma agora a palabra o concelleiro do Grupo municipal Veciños de Monterrei, Francisco Javier Limia Feijoo, e fai as seguintes preguntas e rogos:

- Hai algún motivo para que non nos conteste por escrito ao que lle preguntamos?

Respóndelle o alcalde que xa llo contestará no próximo pleno.

- En relación ao escrito 673, do 16 de maio, no que se lle pedía o importe das axudas de custo por razón de servizo, contestounos que non había, sen embargo nos orzamentos hai partida executada, polo que si que se pagaron.

A isto o alcalde acláralle ao concelleiro que o que se interpretou do escrito é que se solicitaban as retribucións por asistencias a mesas de contratación e tribunais de oposicións e selección de persoal. No entanto, poráselle ao seu dispor, na Secretaría, a documentación referida aos gastos solicitados.

- Sobre a iluminación de Infesta, que foi algo que se contemplou nunhas das modificacións de créditos, para onde é?


O alcalde dille que se lle contestará no próximo pleno.

- Rógolle que limpen os parques de Estevesiños e San Cristovo, que estaban xa cubertos pola herba.

- No expediente da obra do palco de Vilaza houbo un erro no que se puxo mal o importe e sen embargo, aprobouse a acta na sesión seguinte. Eu penso que deberían ler as actas.

E sen máis asuntos que tratar, remata a sesión e redáctase esta acta, que o presidente asina comigo, o secretario, que dou fe.

O presidente,



O secretario,